



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### **BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS AXUDAS DO POS+ ADICIONAL 1/2021 DO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021.**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade da convocatoria.**

1.- O obxecto das presentas bases é establecer o procedemento e criterios para a concesión de axudas económicas de carácter específico e extraordinario contempladas nos apartados b), c), d), e), do POS+ ADICIONAL 1/2021, de acordo cos principios de obxectividade, igualdade, concorrencia e publicidade.

A finalidade destas axudas é dar resposta a situacións puntuais de necesidade derivadas de gastos específicos relativos ás necesidades básicas e outras destinadas a paliar o impacto económico e social da COVID-19 en materia de servizos sociais e ensinanza.

2.- O importe destas axudas ascende á contía de 54.555,00 euros financiadas con cargo ó POS+ADICIONAL 1/2021 para gastos sociais extraordinarios.

Liña 1: Axudas a familias para adquisición de material ou equipos informáticos para o alumnado que estea cursando estudos de Educación Primaria, ESO, Bacharelato, Ciclos formativos homologados de grao medio ou superior ou Universitarios: 31.555,00 euros.

Os gastos subvencionados nesta liña corresponden ó curso 2021-2022.

Liña 2: Axudas económicas a persoas e familias para facer fronte a gastos ordinarios ou extraordinarios: 23.000,00 euros.

Nestas axudas inclúense as seguintes modalidades:

a) Axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas relacionadas con vivenda, alimentación, electricidade, transporte e gastos médicos ou farmacéuticos non cubertos polo sistema público de saúde.

b) Axudas económicas para ampliar o servizo de axuda a domicilio nas modalidades de básica e dependencia para gastos de:

- Compra ou aluguer de axudas técnicas non cubertas polo SERGAS (Grúas, cadeiras de baño, camas articuladas).

- Servizo de podoloxía, fisioterapia, rehabilitación, etc.

c) Axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación ou acompañamento.

O orzamento establecido pode modificarse como resultado da asignación ou redistribución dos fondos para financiar as axudas que se convocan. No caso de esgotar algunha partida orzamentaria das liñas para as que se contemplan as axudas, poderase asignar orzamento doutra partida con crédito dispoñible, contemplado no POS+ ADICIONAL 1/2021 para gastos sociais extraordinarios.

#### **SEGUNDA.- Persoas beneficiarias.**

As axudas están destinadas a aquelas persoas integradas nunha unidade familiar que se atopen nunhas condicións socioeconómicas menos vantaxosas, para facer fronte a gastos específicos, de carácter común ou extraordinario, necesarios para prever, evitar ou paliar situacións de exclusión social.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### 1.- Beneficiarios da liña 1.

Para a liña 1 considerarase unidade familiar os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou titores e os fillos/fillas que cursen estudos obxecto da presente convocatoria, empadroados no Concello de Mañón e residan no domicilio familiar.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva cos fillos e fillas, agás os supostos de custodia compartida no que se incluírán ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

### 2.- Beneficiarios da liña 2

Para a liña 2 entenderase por unidade familiar a persoa ou conxunto de persoas que residan nunha mesma vivenda de forma habitual e permanente unidos por vínculos de consanguinidade, afinidade ou por calquera outra relación que implique corresponsabilidade ou dependencia económica entre os seus membros, de tal forma que consuman e/ou compartan alimentos, gastos comúns da vivenda ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento.

## **TERCEIRA.- Concorrencia de persoas beneficiarias.**

En caso de esgotar a partida orzamentaria sen poder atender a tódalas solicitudes presentadas, teranse en conta as de maior número de fillos e menor nivel de renda familiar. En caso de empate, resolverase por data de entrada da solicitude no rexistro xeral municipal.

## **CUARTA.- Requisitos.**

1.- A persoa solicitante e tódolos membros da unidade familiar deberán estar empadroados no Concello de Mañón con anterioridade á data da publicación desta convocatoria.

No suposto da liña 1, non obstante, poderase excepciónar ó estudante que por motivos xustificados teñan que estar empadroados noutra domicilio.

2.- Que a unidade familiar non dispoña de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de necesidade para a que se solicita a axuda, tendo en conta o establecido na seguinte táboa:

| Número de membros da unidade familiar | Límite de renda anual familiar |
|---------------------------------------|--------------------------------|
| Unidade familiar de 1 membro          | 14.913,36 € (2,2 x IPREM)      |
| Unidade familiar de 2 membros         | 18.980,64 € (2,8 x IPREM)      |
| Unidade familiar de 3 membros         | 22.370,04 € (3,3 x IPREM)      |
| Unidade familiar de 4 membros         | 25.081,56 € (3,7 x IPREM)      |
| Unidade familiar de 5 membros         | 27.115,20 € (4 x IPREM)        |

A partir do sexto membro, engadírase 2.033,64 € (0,3 x IPREM) por cada membro computable.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

A efectos destas bases, teñen consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2020, de todos os membros computables. Para as persoas non obrigadas a declarar, deberán achegar certificado de imputacións de renda do exercicio fiscal 2020 emitido pola Axencia Tributaria e os ingresos determinaranse a partir da fórmula: rendementos + ganancias patrimoniais - gastos deducibles.

Os/as solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros, non terán dereito á axuda.

Excepcionalmente quedarán excluídas do cumprimento destes requisitos aquelas persoas que, previa valoración do equipo técnico de servizos sociais acreditada mediante informe, presenten unha situación de especial vulnerabilidade social.

### **QUINTA.- Documentación a presentar.**

#### **Documentación común para todas as liñas de axudas.**

- Fotocopia DNI, Pasaporte ou documentación acreditativa da identidade da/do solicitante a toda unidade familiar.
- Certificado de convivencia da unidade familiar, sen prexuízo doutras alternativas que acrediten a convivencia. Esta circunstancia será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2020 (completa) da cada membro da unidade familiar, ou no caso de non presentala, certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o Anexo III, con indicación, no seu caso, da contía concedida.
- Certificación de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e en concreto co Concello de Mañón, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
- Certificado de atoparse ó corrente nas obrigas coa Seguridade Social.

#### **Documentación específica para a liña 1.**

- Solicitud, segundo o Anexo I.
- Fotocopia do Libro de Familia (completo).
- Se é o caso, documentación acreditativa da ausencia no fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental (con certificado acreditativo), separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.
- Certificado de matrícula ou informe expedido polo centro educativo que acredite a condición de alumno/a.
- Declaración de non dispor dos medios informáticos ou tecnolóxicos axeitados.

#### **Documentación específica para a liña 2.**

- Solicitud, segundo o Anexo II.
- Resolución da valoración e recoñecemento da situación de dependencia ou resolución de concesión de axuda no fogar dalgún membro da unidade familiar.
- Certificado que acredite o grao de discapacidade, nun grao igual ou superior ó 33% dalgún membro da unidade familiar.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### **SEXTA.- Tipoloxía e contía das axudas.**

Liña 1: Subvencionarase a adquisición de material educativo e de equipamento informático ou tecnolóxico axeitado para o desenvolvemento da actividade do alumnado.

A contía máxima da axuda por alumno/a será de 400,00 euros.

A contía máxima da axuda por unidade familiar será de 1.200,00 euros.

No caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios alumnos ou alumnas que opten a estas axudas deberán presentar unha solicitude individualizada por cada un dos alumnos/as que opten a elas.

Liña 2:

A contía máxima da axuda por persoa será de 400,00 euros.

A contía máxima da axuda por unidade familiar en tódalas modalidades de axudas desta liña será de 1.200,00 euros.

### **SÉTIMA.- Incompatibilidades e tratamento fiscal.**

As axudas concedidas ó abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os solicitantes doutras administracións públicas sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Os beneficiarios das mesmas deberán decláralas ante as Administracións Tributarias correspondentes.

### **OITAVA.- Obrigas do/a beneficiario/a.**

- Xustificar ante o Concello de Mañón o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Mañón.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información sexa requirida no exercicio das mencionadas actuacións.
- Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- Acreditar no momento da solicitude, que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de obrigas por reintegro de subvencións.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos previstos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

### **NOVENA.- Procedemento da solicitudes**

As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica.

O prazo para a presentación será de 10 días naturais contados dende o día da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### **DÉCIMA.- Outorgamento de subvencións.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes emitirase un informe proposta dende o departamento de servizos sociais e o órgano correspondente adoptará a resolución provisional que será publicada no taboleiro de edictos electrónico do Concello e na páxina web municipal para a presentación de alegacións no prazo de dez días naturais.

Transcorrido este prazo ditarase polo órgano competente a resolución definitiva que se fará pública mediante exposición no taboleiro de edictos electrónico do Concello, na páxina web do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **UNDÉCIMA.- Xustificación e pagamento.**

O pagamento das axudas efectuarase previa presentación dos xustificantes dos gastos relacionados cos conceptos subvencionados e por un importe que debe ser igual ou superior ó da axuda concedida.

A xustificación acreditativa do gasto subvencionable deberá presentarse antes do día 28 de febreiro de 2022, conforme ó Anexo IV coa seguinte documentación:

- Factura do gasto realizado que deberá cumprir os requisitos establecidos nos artigos 6 e 7 do RD 1619/2012, de 30 de novembro. No caso de contratación de persoal deberá achegarse contrato e nómina.
- Certificado do número de conta bancaria da persoa solicitante.

### **DUODÉCIMA.- Reintegro das axudas e réxime sancionador.**

O réxime de infraccións e sancións será o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia. A persoa beneficiaria procederá ó reintegro do total ou parcial das cantidades percibidas dende o momento do pago das axudas nos seguintes casos:

- Incumprimento da finalidade para a que foi outorgada a axuda.
- Obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas, ocultación ou falsidade documental.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A interpretación e resolución das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas bases serán resoltas pola Alcaldía previos informes de Secretaría-Intervención e da responsable de Servizos Sociais.

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local aplicable.